

Análise do Manifesto de Sandhurst

O texto corresponde a un fragmento do chamado Manifesto de Sandhurst (1874), carta aberta firmada polo príncipe Afonso de Borbón ao cumprir 17 anos, aínda que redactada por Cánovas del Castillo, enviada a España desde a Escola militar británica na que cursaba estudos.

No manifesto o futuro rei ofrece a España una monarquía constitucional e un réxime liberal parlamentario.

Entende que só a monarquía devolverá a necesaria paz ao país, cansado dos excesos do Sexenio Revolucionario, sobre todo polo que respecta ás clases medias e altas, que se foran incorporando á causa alfonsina defendida por Cánovas. Este había conseguira que Isabel II abdicara a favor do seu fillo, quen, polo tanto, representaba a institución monárquica e esta, xunto cas Cortes, constituían, segundo se afirma no documento, as dúas institucións tradicionais e esenciais da historia de España. Reflicte esta idea a base do pensamento canovista, para quen a monarquía estaba por riba del devir histórico e, polo tanto, estaba fora de toda discusión. As Cortes, desde a súa orixe medieval e na súa evolución dentro do parlamentarismo, compartiran sempre co rei la toma de decisións, de aí que Cánovas asuma o principio do liberalismo doutrinal: a soberanía compartida.

Finalmente, esta unión do “novo” e o “vello” (monarquía e liberalismo), da tradición e da actualidade histórica,ponse de manifesto no documento na defensa do catolicismo, tan tradicional na monarquía hispánica.

Vemos enunciados no texto os principios esenciais do réxime canovista, así chamado porque o pensamento político do líder conservador converteuse no fundamento ideolóxico da Restauración.

A inestabilidade política que caracterizou ao Sexenio Democrático e a indefinición do goberno de Serrano, xunto ca perda de apoio das clases baixas e do incipiente movemento obreiro cara a república, facilitaron o retorno á monarquía. Aínda que Cánovas preparaba unha restauración pacífica e confirmada polas Cortes, o pronunciamento de Martínez Campos en decembro de 1874 precipitou os acontecementos. Nin o goberno nin a poboación opuxeron resistencia e Canovas asumiu a rexencia ata a chegada de Afonso XII en xaneiro.

O novo goberno, presidido por Canovas, afrontou a busca de solucións para os problemas inmediatos: integrar no réxime monárquico ás dúas grandes correntes do liberalismo (doutrinario e progresista), apartar da vida política aos militares (acabar cos pronunciamentos como vía de acceso ao poder) e finalizar cas guerras carlista e de Cuba.

O sistema político da Restauración baseábase, ademais de na Constitución de 1876, no bipartidismo político e na quenda pacífica no exercicio do poder. Conseguiuse así eliminar o intervencionismo militar mediante pronunciamentos e integrar no exercicio do poder, e por tanto no sustento do sistema, ao conxunto dos liberais monárquicos, desde moderados a demócratas. Estas tendencias agrupáronse en dous partidos: o Partido Liberal Conservador, presidido por Cánovas, que se constituíu con moderados e unionistas; mentres que no Partido Liberal Fusionista, baixo a presidencia de Sagasta, integráronse antigos progresistas e demócratas.

O país viviu a máis longa etapa de estabilidade da súa historia contemporánea e a súa constitución é a que máis anos se mantivo en vigor ata a data. Sen embargo, dita estabilidade baseábase na exclusión dos grupos opositores (republicanismo, nacionalismo e movemento obreiro) ademais de no fraude electoral.

Para que o sistema funcionara sacrificouse a democracia. Eran os propios líderes políticos os que pactaban a súa alternancia no poder e fabricaban a maioría parlamentaria indispensable para gobernar. Isto lográbase falseando as eleccións, para o que era necesario a participación dos “caciques”, que se encargaban de que se cumpriran os resultados previstos mediante a coacción, a compra de votos o el “pucherazo”. O analfabetismo e a rede de clientelismo dunha sociedade rural permitiron o funcionamento do sistema ata principios do século XX